

SENDEIRISMO E MONTAÑA

PR®

DECEMBRO

Domingo 3



9:00 Praza de Vigo / 9:15 C.S.C. Fontiñas

35 máx.

15 €

Socios temporais ou fixos sen federar 18 €

Pola ribeira do río Mendo (Betanzos)

Comeza a ruta na Ponte das Mámoas xunto ao río Mendo, preto de Oza dos Ríos. Camiñaremos pola beira do río cunha vexetación exuberante e o rumor da auga, ata as pontes dos Cabalos e da Hermida, atopándonos algúns muiños restaurados. Outra ponte de lenda é o punto final da ruta, a ponte de Taibo, na cidade dos cabaleiros, Betanzos.



12 km



MIDE



2



2



3



2



Kiko Castiñeiro

Xoves 7-Domingo 10



20:30 C.S.C. Fontiñas

35 máx.

230 €

Socios temporais ou fixos sen federar 239 €

Viaxe á serra do Gerês (Portugal)

O Club Deportivo Fontiñas programa para decembro unha viaxe de tres días ao **Parque Nacional Peneda-Gerês** situado ao norte de Portugal. O parque esténdese polos municipios de *Meigaço, Valdevez, Ponte da Barca, Terras de Bouro e Montalegre* e comprende, entre outras, as cordilleiras de *Laboreiro, Peneda e Gerês*. Conta cunha calzada romana que o atravesa chamada *A Geira*.

O prezo inclúe:

- Autobús para transporte mencionado no programa
- 3 noites aloxamento en Hotel*** Campo Gerês
- Réxime media pensión (excepto cea en ruta do xoves)
- Habitacións dobres

NOTA: A orde, programa e horario das rutas poderán ser modificados polos guías, en función da climatoloxía e outros condicionantes, sempre en beneficio do grupo e da súa seguridade.

Xoves 7: 20:30h-Saída desde o C.S.C. Fontiñas cara ao parque natural *Peneda-Gerês*. Cea libre en ruta. Chegada aprox. 24:00 - bus 175 km

Venres 8: Ruta Pedra Bela-Ermida Gerês



Sábado 9: Ruta Gerês-Pé do Cabril



Domingo 10: Ruta Bela Vista-Romao. Viaxe de regreso a Santiago. Chegada aprox. 20:30h



Plazos de pre-inscrición, inscrición e pago: Está aberto un prazo de pre-inscrición ata o 24 de Outubro, realizándose un pago por adiantado de 50 € para a reserva. En caso de cubrirse as prazas dispoñibles na devandita data, pecharase a lista de admisións. En caso contrario, seguirá o prazo de inscrición ata o 7 de Novembro.

Os participantes que desexen darse de baixa terán ata o **7 de Novembro** para recuperar todo o diñeiro xa entregado. A partir de dita data, a preinscrición non se recuperará en ningún caso, e o resto das cantidades dependerá dos pagos adiantados que xa fosen realizados polo club ao hotel e empresa de transporte, e a posibilidade de recuperalos ou non.